

CONTRATO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS CAMIÑO DE CRUXEIRAS E ENTORNO DA IGREXA DE AMES E RÚA LODEIRO. POS 2016

Na Casa do Concello de Ames a 22 de febreiro de 2017,

REÚNENSE:

Dunha parte don José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido pola secretaria accidental da Corporación dona Concepción Vilas Cantelar, en execución dun acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de febreiro de 2017.

Doutra parte don Alberto López Martín, con NIF 11947097-T, actuando en representación da empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL con CIF B-15009533 e domicilio social no lugar La Mina s/n en Touro, A Coruña.

Constitúe o obxecto da presente reunión a formalización do contrato das obras ao comezo indicadas e ao obxecto establecen as seguintes

CLÁUSULAS:

1ª.- O Concello de Ames adxudica a FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL con CIF B-15009533 a realización das obras do camiño de Cruxeiras e entorno da Igrexa de Ames e rúa Lodeiro no prezo de trinta e dous mil noventa e nove euros e dezasete céntimos (**32.099,17.- euros**), máis o IVE correspondente ao 21% que ascende a contía de seis mil setecentos corenta euros e oitenta e tres céntimos (**6.740,83.- euros**) de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexou o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexou o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de 1.604,96- Euros, mediante aval bancario de "ABANCA Corporación Bancaria SA" inscrito no rexistro oficial de avais co número de rexistro 358436.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.


Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexou para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asinano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria accidental, certifico.

O ALCALDE,-



Concello
de AMES
Pz. do Concello, nº 2, Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
tel: 981 883 002 Fax: 981 883 925

A SECRETARIA ACCTAL,-



O CONTRATISTA,-

